



**Grupo Municipal  
RIBEIRA**

**FRANCISCO AYASO BRETAL**, Concelleiro do Grupo Municipal do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)** neste Concello, presenta a seguinte moción ante o Pleno da Corporación Municipal en relación coas **liñas eléctricas na parroquia de Oleiros**.

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:**

Os veciños e veciñas dos diferentes lugares da parroquia de Oleiros levan varios anos queixándose de que non teñen o suministro de enerxía eléctrica necesaria, nalgúns casos é tan deficiente que cando se encende algún aparato como pode ser a prancha, o forno, unha lavadora, etc., a tensión baixa de forma alarmante, tendo que chegar ó extremo de apagar algúns elementos para que poidan funcionar outros. Ó mesmo tempo hai veciños que non puideron contratar a antiga tarifa nocturna para poder dispor de calefacción, porque os instaladores desaconsellan a súa instalación polas deficiencias comprobadas no subministro de enerxía eléctrica.

Logo de diferentes xestións telefónicas e reclamacións feitas polos veciños/as de Oleiros diante da empresa subministradora Unión Fenosa como na Consellería de Industria, tamén se informa destas deficiencias o Goberno Municipal do Concello de Ribeira, comunicacións feitas desde o 2001.

Diante da falta de interese do Goberno Municipal, o Grupo Municipal do BNG informou á Consellería de Industria da Xunta de Galiza xa gobernada polo BNG das deficiencias do subministro eléctrico en varias parroquias do Concello de Ribeira, entre elas Oleiros unha das que presentan máis deficiencias.

Co goberno do BNG na Xunta déronse solucións a moitos dos problemas de subministro de electricidade en todo o Concello e tamén na parroquia de Oleiros con diferentes obras, algunhas delas xa rematadas, outras inexplicablemente seguen a sufrir atrancos e aínda nin se empezaron como son a de Os Muíños, paralizada pola ubicación do transformador, e a de Carballo-Sobrido que tiña que estar rematada como moito no mes de setembro.

Por iso, o Grupo Municipal do BNG solicita o apoio da Corporación Municipal para adopción do seguinte

### **A C O R D O:**

- 1. Que o Goberno Municipal faga as xestións oportunas diante da Consellería de Industria para que inste a Unión Fenosa a executar a obra de Carballo-Sobrido por vía de urxencia dado que xa rematou o prazo para realizar a obra.**
- 2. Que o Concello poña a disposición de Fenosa os terreos para a colocación do transformador nos Muíños, ou deixe de poñer impedimentos para que a empresa negocie a compra con algún propietario.**

Ribeira, 19 de novembro de 2009

Asdo.: Francisco Ayaso Bretal

**SR. ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE RIBEIRA**